



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

Convenio Colectivo 2008

MANTEMOS O PULSO

Novamente lle demostramos á empresa que non será fácil dobregarnos, o 19 de xuño 5804 traballadores volvemos a rexeitar un documento que segue sen recoller REIVINDICACIÓNS BÁSICAS que contén a Plataforma do C.I. En Galicia volvemos a superar o 30 % na Coruña e Pontevedra, manténdose en Lugo e Ourense se descontamos os fora de convenio e os servicios mínimos.

Se revisamos como foron evolucionando os textos entregados pola empresa nesta negociación comprobaremos como os lixeiros avances están provocados pola mobilización, e aínda queda marxe de manobra polo que debemos manter a loita, rebelándonos contra a actitude submisa e conformista de CCOO e UGT.

Se nos paramos a ler o comunicado conxunto destas organizacións comprobaremos como ante a falta de melloras concretas recollidas no texto entregado o 18 de xuño, deben recorrer ata en nove ocasións á expresión **compromiso da empresa**, tamén repiten expresións do tipo: **búsqueda de fórmulas, disposición para..., manifiesta su voluntad...** Dito claramente: **Trátase de vendernos fume.**

O que si se recolle curiosamente neste último texto son medidas de control para algunhas organizacións sindicais sobre os seus delegados para facilitar cortar as discrepancias se se produciran. Tamén é curioso que só se incremente a dieta interprovincial que é a que cobran os delegados estatais. Séguese a manter a composición con só dous membros da RRTT nos Grupo de Trabajo nos que se van a tratar os temas máis sensibles. **Venden os nosos dereitos a cambio dos seus privilexios.**

Ante esta situación, máis que nunca debemos ser os traballadores quen asumamos a defensa dos nosos intereses e por eso volveremos a parar o próximo xoves 26 de xuño. Non debemos aceptar a inxusta proposta económica da empresa, debemos rexeitar que negocien a Clasificación Profesional de costas aos traballadores e non podemos permitir que entren novos traballadores con salarios inferiores aos nosos para facer o mesmo traballo ca nós.

MÁIS QUE NUNCA, CONTINUAMOS NA LOITA

POR UN CONVENIO XUSTO

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos.
Non te limites a escoitar, faite oír.

Galiza, 20 de xuño de 2008